

Martes, 14 de outubro de 2025

Dúo Cassadó (cello-piano)



Aclamado internacionalmente pola súa exquisita musicalidade e sensibilidade, o Dúo Cassadó cautiva tanto ao público como á crítica especializada grazas á súa orixinalidade e carisma. Artistas en exclusiva de Warner Classics, o Dúo Cassadó actuou en prestixiosos auditorios e festivais de todo o mundo e realizou xiras por Israel, Canadá, Colombia, Ecuador, Arxentina, Marrocos, Túnez, Exipto, Xordania, Paquistán, China, Corea do Sur e Xapón.

O seu disco "Rapsodia del Sur", galardoado co "Melómano de Oro", foi elixido entre os mellores discos do ano. En "ROJO", catalogado pola prensa internacional como unha gravación de referencia, realizaron a primeira gravación mundial da "Fantasía Española" escrita por Ernesto Halffter. "Hypnotik" é o seu novo traballo discográfico, un disco conceptual con gran proxección internacional.

Comprometidos coa creación actual, estrearon "Sibilas frente al espejo", obra dedicada ao Dúo Cassadó composta por Tomás Marco; "Páginas de Arena", escrita pola compositora Laura Vega; e "Del Aire que me das", de Marina Ortega, estreada recentemente no Palau de la Música Catalana. O Dúo Cassadó presentou recentemente "Hechizo y Duende", unha homenaxe a Federico García Lorca, e esta tempada presenta "Esencia de los Elementos".

Mércores, 29 de outubro de 2025

CLAIRE WELLS – ITAI NAVON (violín-piano)



A violinista estadounidense Claire Wells, nada en 2001, é aclamada polo público e pola prensa pola súa musicalidade expresiva e pola rica calidade sonora, semellante a un canto. As súas actuacións como solista levárona a salas como o Wigmore Hall, o Meyerson Symphony Center, o Bass Performance Hall, o Teatro Degollado e o Konzerthaus de Berlín. Tralo seu éxito en importantes concursos internacionais, Claire Wells gañou o Primeiro Premio e o Premio á Mellor Comisión na Competición Felix Mendelssohn Bartholdy 2021, o Segundo Premio na Competición Internacional de Violín Michael Hill 2023, e foi premiada tamén na Competición Internacional de Indianápolis, na Competición Internacional de Mirecourt, na Competición Lynn Harrell, entre outras.

Claire Wells medrou nunha familia musical, tocando tanto o violín como o piano desde os tres anos. Actualmente estuda na Kronberg Academy con Mihaela Martin desde 2022. Anteriormente, estudou de forma privada con Brian Lewis, Sandy Yamamoto e Emanuel Borok, e no ano 2017 asistiu á Yehudi Menuhin School con Lutsia Ibragimova. No 2020, estudou con Mihaela Martin na Hochschule für Musik und Tanz Köln.

Wells actuou con grandes orquestras como a Dallas Symphony Orchestra, a Konzerthausorchester Berlin, a Fort Worth Symphony Orchestra, a Orquestra Filharmónica de Belgrado, a Orquestra Filharmónica de Jalisco, a Shen Zhen Symphony Orchestra, entre outras. Apaixonada pola música de cámara, Claire Wells traballou xunto a grandes artistas como Enrico Pace, Nobuko Imai, Frans Helmerson, Christian Tetzlaff e Steven Isserlis. Ademais, recibiu clases maxistras de figuras como Ana Chumachenco, Boris Kuschnir, Andras Schiff e Robert Levin. Claire Wells participou en festivais como o International Holland Music Sessions, o festival de música de cámara Music@Menlo, Chamber Music Connects the World, o Festival de Gstaad, o Festival de Verbier, entre outros.

Desde 2022, Claire estuda na Kronberg Academy con Mihaela Martin, grazas ao apoio do patrocinio Opel/Dr. Schaefer. Wells toca un violín Giovanni Battista Guadagnini, cedido por un doador xeneroso.

Itai Navon (piano)

O pianista Itai Navon actúa frecuentemente como solista e músico de cámara en moitas salas de concertos de toda Europa, incluídas Konzerthaus Berlin, Pierre Boulez Saal, Wigmore Hall, Beethovenhaus Bonn, #etc...

Actuou con orquestras como a Camerata de Israel, a Orquestra Sinfónica de Israel, Orquestra Sinfónica de Xerusalén e en festivais de música como Sommets Musicaux de Gstaad, Klavierfestival Ruhr, Bath Music Festival, Musikfestspiele Saar e Aspen Music Festival....

Por invitación do pianista Sir Andrés Schiff, Itai Navon apareceu na serie Building Bridges por toda Europa na tempada 2018/19. En 2021 participou nunha serie de gravacións de clases maxistras con Daniel Barenboim sobre as sonatas para violoncelo e piano de Beethoven.

Nacido en Xerusalén en 1996, Itai Navon iniciou os seus estudos de piano con Esther Narkiss na Conservatorio da Academia de Música e Danza de Xerusalén, e continuou con Emanuel Krasovsky na Escola de Música Buchmann-Mehta de Tel Aviv.

Itai é un graduado da Barenboim-Said Akademie, onde estudou de 2018 a 2022 con Sir Andrés Schiff. Actualmente, Itai está a estudar no "Programa de Interpretación Sir Andrés Schiff para Mozos Pianistas" na Academia Kronberg. Recibiu valiosos consellos de pianistas de renome como MurrayPerahia, Emanuel Ax, Angela Hewitt, Jonathan Biss, Robert Levin e máis.

Itai conta co apoio da Fundación Cultural América-Israel e a Szloma-Albam-Stiftung.

Martes, 11 de novembro de 2025

Rosalía Gómez Lasheras (piano)



Nacida en Santiago de Compostela en 1994, Rosalía realizou estudos de piano con Alan Weiss (Conservatorio de Utrecht) e Claudio Martínez Mehner (Hochschule für Musik Basel). Paralelamente estudou con Jörg Andreas Böttcher (clave) e Edoardo Torbianelli (fortepiano) na Schola Cantorum Basiliensis. Ademais, cursou un Máster en Investigación Musical na Valencia International University coa tesina "O rubato na música para piano de Franz Schubert".

Tras gañar o Concurso Young Pianist Foundation de Ámsterdam (2013) debutou como solista en salas como o Concertgebouw de Ámsterdam, Tivoli Vredenburg Utrecht, Palau de la Música Catalana, Cairo Opera House, Konzerthaus Dortmund e Herkulessaal Múnic, entre outros escenarios de Europa, Estados Unidos e Oriente Medio. Actúa habitualmente con orquestras como a Noord Nederlands Orkest, Real Filharmonía de Galicia, Sinfónica de Galicia, Nederlands Jonge Orkest, Cairo Symphony Orchestra, Duisburger Philharmoniker, Folkwang Kammerorchester Essen e Basel Symphony Orchestra. Foi invitada a festivais como o Swiss Chamber Music Festival, Wissembourg Chamber Music Festival, Janine Jansen and Friends Festival, Storioni Festival, Delft Chamber Music Festival, Musikdorf Ernen, Shiermonnikoog Chamber Music Festival, Clásicos de Verano, Utrecht Early Music Festival Fringe, Espazos Sonoros, Música Antiga da Cámara, Jagthuis Fortepiano Weekend e Festival Radovljica, entre outros.

Rosalía traballou como profesora na Hochschule für Musik FRANZ LISZT Weimar entre 2020 e 2021 e na Hochschule für Musik Basel entre 2021 e 2024. Actualmente ensina Piano e Música de Cámara na Escola Superior de Música de Cataluña. Ademais, imparte regularmente seminarios e conferencias sobre as prácticas interpretativas do século XIX en diferentes universidades de Europa e EEUU.

Martes, 25 de novembro de 2025

ELAIA QUARTET



O Cuarteto Elaia, fundado en 2020, é un mozo cuarteto de cordas composto por Leonie Flaksman e Iris Günther (violíns), Francesca Rivinius (viola) e Karolin Spegg (violonchelo). Debutaron no Festival de Ascoli Piceno en Italia en 2021 e, posteriormente, foron invitados como Artistas en Residencia para o ano seguinte. O cuarteto tamén actuou no PODIUM Esslingen, participou en diversos programas educativos e na produción dunha radionovela. Nos anos 2023 e 2024 foron Artistas en Residencia no Festival Ischgl Classics en Austria, e ofreceron tres concertos no Schleswig-Holstein Musikfestival 2024. En 2022, o cuarteto obtivo unha bolsa e pasou a formar parte do programa de apoio a concertos do Consello Alemán da Música tras chegar á final do Concurso Alemán de Música. Ese mesmo ano, tamén gañaron o segundo premio no concurso Zukunftsklang Award.

Desde 2023, forman parte da rede de apoio italiana *Le Dimore del Quartetto* e recibiron dúas veces unha bolsa das Jeunesses Musicales Alemaña. En maio de 2023, o cuarteto tivo a oportunidade de colaborar estreitamente co Kronos Quartet, con quen ofreceron dous concertos na sala Pierre Boulez de Berlín. En 2024, gravacións dos seus concertos foron emitidas polas emisoras NDR e SWR.

Máis aló da súa formación como cuarteto de corda, colaboran regularmente con outros músicos, entre eles Karl Leister, ex clarinetista principal da Filharmonía de Berlín, Uri Caine, pianista de jazz, así como o especialista en música barroca e violonchelista Christophe Coin.

Tras estudar na Escola Superior de Música Hanns Eisler de Berlín co Prof. Wolfgang Redik, o cuarteto estuda actualmente co Cuarteto Ébène na HMTM de Múnic. Tamén recibiron influencia de mentores como Eberhard Feltz, Eckart Runge, Oliver Wille, Heime Müller, Gregor Sigl, Jean-Guihen Queyras, o Cuarteto Quiroga e o Cuarteto Casals.

Martes, 16 de decembro de 2025

ORQUESTRA EN RESIDENCIA

ORQUESTRA DE CÁMARA GALEGA

Rogelio Groba Otero, director-concertino



Foi fundada no ano 1995 polo seu director-concertino, Rogelio Groba Otero.

Durante os 29 anos de traxectoria artística, a Orquestra de Cámara Galega cumpre cun ambicioso plan de difusión, incluíndo repertorios novos e creación de novos públicos. A súa excelencia interpretativa permítelle abarcar un amplo repertorio, desde o barroco ata os nosos días, asumindo o compromiso de dar a coñecer a música de compositores galegos, cunha especial mención á obra do compositor Rogelio Groba, quen é a súa principal ferramenta de difusión.

A Orquestra de Cámara Galega colabora con solistas de prestixio internacional como Teresa Berganza, Ara Malikian, Juan de Udaeta, José Ramón Méndez, José Núñez, José Luis Estellés, entre outros. Así mesmo, é a orquestra residente do “Festival Groba”, celebrado anualmente en Ponteareas (España) e polo que pasaron notables artistas como os violinistas Guy Braunstein, Oyvind Gimse, Clara Yumi Kang, Jin Joo Le, Guillermo Figueroa, o flautista André Cebrián, Adriana Ferreira ou Jasmine Choi, o trompista David Fernández, trompetistas como Pacho Flores e Esteban Batallán, pianistas como Sunwook Kim ou Federico Colli ou chelistas como Kyril Zlotnikov o Anastasia Kobekina entre moitos outros.

A OCGA ofrece concertos nas principais salas españolas, destacando o Auditorio Reina Sofía de Madrid, Palau da Música de Barcelona, Sala Mozart do Auditorio de Zaragoza, Teatro da Real Maestranza de Sevilla, Teatro Jovellanos de Xixón, Palacio da Ópera da Coruña ou Auditorio de Galicia. A través das súas numerosas xiras actúan en Viena no “Spanien Modern Musikfestival”, Nova York no Merkin Hall da Fundación Kaufman, Buenos Aires no Teatro Metropolitan e Holanda, nas cidades de Utrech, De Bosh, Amsterdam, Middleburg e De Doelen Auditorium de Róterdam, así como Italia, no Pazo Ducale de Xénova.

Durante 4 anos, participa do ciclo Atardecer do Gaiás de Santiago de Compostela, cun formato orixinal e gran éxito de público. Ademais dos habituais concertos por territorio galego, merece ser resaltada a súa colaboración en clausura do XXV Festival Internacional de Música de Vila Nova de Gaia coa gran Elisabeta Matos, a produción da ópera A Traviata en Forteventura e a produción multidisciplinar con teatro e danza Don Juan no inferno, para o Teatro Colón na súa cita anual do 31 de outubro. Colabora asiduamente coa Fundación Barrié da Coruña e a Fundación Niemeyer, en Avilés.

Unha das súas principais dedicacións, é a difusión de obra musical a través da gravación dos seus dez discos, así como rexistros en directo para TVE, RTVG e Radio Clásica. Cabe destacar o seu primeiro disco con música de Rakov, Elgar, Groba e Groba Otero, cualificado con 5 estrelas pola revista Amadeus; un monográfico do compositor R. Groba no selo Autor; dobre CD editado polo Centro de Documentación Musical da Junta de Andalucía co selo Alma Vivo coa primeira gravación mundial da ópera Don Quixote, no Teatro da Maestranza de Sevilla; recompilatorios de música de Rogelio Groba para libro-discos editados por Edicións Xerais (“Meditacións en branco e negro”) e por Editorial Galaxia (“Diabolus in musica”); monográfico da obra romántico – jazzística do pianista, compositor e escritor, Quinito Mourelle, arranxado polo saxofonista e clarinetista Roberto Somoza; a primeira gravación mundial da obra “Polas rúas de Ponteareas” e “As rúas do vento ceibe”, de R. Groba, en colaboración co Coro de Cámara de Pamplona, estrea mundial da Cantata inspirada no poema homónimo do poeta lucense Manuel María.

No ano 2020 a Fundación Rogelio Groba edita dous discos máis. De novo co Coro de Cámara de Pamplona

interpretando a cantata para coro e orquestra “Rosalía na Catedral” e o último, rexistro do concerto homenaxe celebrado con motivo do 90 aniversario do mestre Groba no Teatro Colón da Coruña.

Durante o ano 2021 retoma os seus compromisos e realiza unha xira polas principais cidades galegas así como en diversos espazos galegos na Xira Xacobeas 2021 financiada pola Fundación Rogelio Groba en convenio coa Xunta de Galicia ou concertos organizados pola Deputación de Pontevedra ou como orquestra residente no Festival Groba e na Sociedade Filarmónica da Coruña.

Ademais dos seus compromisos anuais, durante o ano 2022 leva a cabo o ciclo Xacobeas en Cámara, patrocinado pola Fundación “la Caixa” a través da Xunta de Galicia. No ano 2023 continua sendo a orquestra residente da presente edición do Festival Groba, así como na Sociedade Filarmónica da Coruña e no ciclo Noites na Cidade Vella.